

A NOSA TERRA



Año XXXIX -- Núm. 494

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual N.º 376.979

CORREO AEREO
CENT. B

FRANQUEO PAGADO
Concesión 2032
TARIFA REDUCIDA
Concesión 2127

Bos Aires, Maio de 1955

A Conferencia de Bandung

A coase totalidade das nacións de Asia e Africa, moitas delas xurdidas fai pouco a vida de liberdade nacional, veñen de celebrar unha resoante e sinificativa xuntanza na cidade de Bandung. Son coase que todos eles, povos que ganaron a súa liberdade nacional despois de longos anos de loita e esforzo intenso contra a dominación de estados colonizadores, que perante séculos mediatizaron de mil xeitos distintos o desenrolo da súa personalidade nacional.

A conferencia de Bandung poderá ter acadado máis ou menos éxito práctico; o tempo dirá até que punto deu resultados positivos. Pero hai un feito incontrovertible: povos que representan máis de mil millóns de persoas, povos lonxáns entre si, de razas e idiomas diferentes, de ideais relixiosos e filosóficos dispares, souperon xungirse para decirlle ao mundo que todos os povos deben gozar de liberdade, sentirse libres da acción deformante do colonialismo e da dominación allea. E a súa voz rescou nida e rexa no mundo, despertando a preocupación dos estados máis poderosos, d'esos estados que se empeñan en facer que o mundo se debata artificialmente ao redor do problema dos seus intereses particulares para que se esquezan outros moitos problemas que afectan fundamentalmente a condición humana e a dignidade dos povos.

Os galegos, moi lonxe d'esos povos xungidos en Bandung, pola distancia física que nos separa d'eles e aínda pol-os seus ideais e angueiras nacionais, sentímonos compartir os seus anseos de liberdade nacional e a necesidade de suprimir toda acción mediatizadora dos povos dominadores, para que todos os grupos nacionais poidan acadar o desenrolo natural das súas cualidades enxebres e enriquecer así o acerbo da cultura universal.

Nese senso, o povo galego sintese identificado cos povos que compartiron a mesa da conferencia de Bandung. Sentímonos identificados coas súas declaracións de que o colonialismo, calquera sexa a súa coor, é a negación mesma da natureza humana; que o dereito dos povos a gozar a súa autonomía é inalienable; que a liberdade e independencia son condicións básicas para o desenrolo das persoas e dos povos; que todas as nacións, grandes e pequenas, calquer sexa a raza e creencia, convivan nun plan de igualdade; e tamén que o embandeiramento do mundo en grandes bloques é contrario os anseos de liberdade dos povos, porque os supedita a intereses alleos.

Afortunadamente, o colonialismo parece estar chegado ao seu fin. Pero hai moitos xeitos solermeños de colonialismo, cando un povo se ve supeditado económica, cultural ou politicamente aos intereses dun povo alleo, que se erixe en reitor da súa vida e exerce unha exemonía forzada sobor do seu pensamento e das súas actividades. Galiza e outros povos ibéricos padecen desde fai séculos un xeito d'esta caste de colonialismo, por mor da hexemonía negativa e destructora de Castela na vida Hispánica. Cinco séculos de supeditación dos nosos problemas aos intereses de Castela teñen demostrado aos galegos as traxicas consecuencias d'esa caste de colonialismos, tan deformantes e negativos como os impostos pol-as baionetas de exércitos expedicionarios.

Para loitar contra esa supeditación dos nosos problemas, contra esa negación dos nosos dereitos nacionais, os galegos podemos sacar fundamentaes ensinanzas da conferencia de Bandung; os galegos e os demais povos asoballados de España e

(Pasa á pax. 2a.)

Joselín Ponta de Lanza Falaxista no Centro Galego

No número anterior de "A NOSA TERRA", ó denunciar a José Rodríguez de Vicente (Joselín) como axente ás ordes de Falanxe, descámolo basados na lóxica dos feitos que enroitan a súa traxectoria política ó servizo do Caudillo.

Máis por si algún o puña en dúbida, aí está, a súa pouco edificante actitude moral: impertérrito, diante o repudio da colectividade galega en pleo pra que faga abandono do posto de Xurado, no Concurso Literario en Idioma Galego que en mal momento (queremos crer que de boa fé) foi nomeado pola C. Directiva do Centro Galego, a súa actitude, repetimos, é a que corresponde a un axente de Falanxe obediente a consiña, de non facer abandono do posto en que foi designado, suceda o que suceda, con tal de manter unha ponta de lanza no Centro Galego, pondo o descoberto deste xeito, a súa condición de falaxista, nemigo de Galiza e do seu povo.

"A NOSA TERRA" interprete fídel do ideal galeguista e republicán na Arxentina, e das máis enxebres tradicións do noso povo, condena acedamente este feito e, loitará arreo, até que este indesexabel elemento ás ordes de Falanxe sexa radiado definitivamente da nosa colectividade.

Encol Dunha Embaixada Galega a Bos Aires

Xa é vella a teima do falanxismo hespañol de pretender "amolecer" con "filtracións" máis ou menos agachadas, o fondo sentimento galeguista e republicán que aniña na colectividade galega.

Xa van alá, varios embaixadores que fracasaron nos seus propósitos d'escacharen o rexo fronte galego antifranquista, valéndose de figuras de certo relumbrón nos nosos meios colectivos. E inda está fresca a intención do "embaixador oficioso" de Falanxe, o "quisque" do straperlo galego, o movedido e rutilante Cesáreo que fracar

sou ruidosamente eiquí i en Moitevideu.

Agora, según lémos no xornal coruñés "La Voz de Galicia", está a orgaizarse unha "eispedición" de galegos de pro intelectual que virían a Bós Aires pra ver de "convencernos" das bondades do "paradiso" do Caudillo.

A devandita "eispedición" ó decir do xornal coruñés, virá encabezada polo presidente do Centro Galego de Madrid —designado por decreto de Falanxe— Coronel Lobo Montero; Gamallo Fierros, coñecido intelectual residente en Madrid; o poeta lu-

gues Alvaro Cunqueiro; Vicente Risco, este treidor e renegado do galeguismo; Caamaño Burnaçeli e outros máis, todos eles submetidos ó falanxismo e dispostos unha vegada máis a treicionar a Galiza e ó seu povo.

No entanto, non sabemos se todo isto, non pasa de sere un globo d'ensaio pro, de calisqueira xeito, a teima é convencer as autoridades do Centro Galego de Bós Aires da comenza "patriótica" de constituiren unha Federación de Centros Galegos Mundial, e sería —craro está— a cabeza diretriz desta orgaización o Centro Galego de Madrid ou, pra sermos máis eispíritos, o señor Lobo Montero, coronel da Casa Militar do Caudillo, no seu carácter de presidente "de facto" do Centro Galego de Madrid, sería quen baixara a suprema dirección e inspiración de Falanxe Española intentaría converter ós Centros Galegos d'América —os d'Hespaña xa o están— en Centros Galegos "VERTICALES".

A nosa colectividade galeguista e republicán cen por cen, está curada d'espanto. O conto é vello e non nos colle desprevidos. Xa hoube intentos frustrados a porta pechada e sabemos moi ben que o falanxismo se non decrara vencido así porque si, por canto lle teme e non sin razón, ó espírito e a voz baril dos galegos livres d'América; como tamén sabemos, que o noso poderoso Centro Galego co seu tremendo potencial económico e humano, e a súa estraordinaria e fecunda aportación ó renascimento da cultura galega, é a carta de trunfo sindicada, desta confabulación falanxista e, sen a cal, todo ficará en

(Pasa á pax. 2a.)

Aititude Insultante

No derradeiro número de "Galicia" os directivos da Federación volven a mostrar a súa falla de criterio e responsabilidade, esbardallando en col de problemas da colectividade, problemas que como estrañeiros que son, descoñecen no seu mesmo cerne e nas súas proieccións. Valéndose do pretexto de Joselín esbardallan a máis non poder e con irresponsabilidade supina ceiban un feixe de aldraxes contra unha figura querida e respetada da colectividade, d'unha figura que ten adicados longos anos de esforzos a creación e fortalecemento d'esa Federación que eles agora, invasores aproveitados, andan a desfacer e desprestixar.

Nun estilo nididamente castelán, insultante e provocativo, con verbas estrañas ao pensamento de calquer galego enxebre e con insultos que desdén de máis elemental ética, un d'esos invasores casteláns da Federación enxucia nada menos que a Antón Alonso Ríos, persoa que na súa condición humana será pasible de erros — nós non cremos na infalibilidade do Papa — pero que na súa condición de galego ten unha traitoría nida como ningún e que na súa vida non coñece máis que unha angueira: chegar a ver a colectividade galega xunguida n-unha identificación total a prol dos problemas da Terra e ocupar un primérisimo posto na loita por unha Galicia ceiba, nun réximen de liberdade e democracia.

Como sempre, os aituas directivos da Federación andan trabucados de rumbo. Alonso Ríos nin siquiera é socio do Centro Galego i eles, mesmo parez que lle chantaran nada menos que a responsabilidade de feitos acontecidos no seo da dirección de dito centro, feitos que ele repudia como todo irmandiño, e nos que non lle abrangue responsabilidade ningunha.

Frente a esos noxentos aldraxes, a colectividade enteira está reaxendo unanimemente. Porque a colectividade sabe valorar aos homes e as súas accións, e Alonso Ríos mérescelle o meirande respecto por ser un home de corrección ausoluta, un home nobre con todos: con nemigos, con amigos e consigo mesmo. Nobre cos nemigos porque sempre os combateu a cara descuberta, con corrección, sin d'obres intencións nin espírito de vinganza; nobre cos amigos porque en todo intre se debe a eles e non sabe de traicións a amizade, aínda que lle custe disgustos

e ataques; nobre consigo mesmo porque endexamais ocultou os seus pensamentos nin lle doeu confesar erros.

Esa nobreza insobornable — que ceais non podan comprender os directivos da Federación — é a única forza que rixe as accións de Alonso Ríos, i-ela impídelle moralmente abusar da confianza que todos os galegos, por esa mesma condición, teñen posto nele. Enxuciar no barquete do Centro Pontevedrés a xentes de outras entidades como pretenden os directivos da Federación sería interferir nas relacións dese Centro con outros orgaismos, relacións que son algo privativo do Centro Pontevedrés e non de ningunha outra persoa, por moi amiga que sexa e por moita confianza que merresa, e que dende logo non compra a nobreza de Alonso Ríos.

A posición da Irmandade Galega frente ao problema Joselín nididamente exposta e non precisa aclaracións. Esa é tamén a posición dos irmandiños que nunha ou noutra esca da labouran pola redención da Terra. Buscar interpretacións torcidas e mal intenzoadas de verbas ou aititudes é mostrar unha calidade moral que non desexamos calificar, unha cega paixón por desprestixiar as xentes, no nécio desexo de prestixiarse a si mesmos.

Na Liña Antigalega

No estraordinario aito de galegitude celebrado polo Centro Pontevedrés co gallo da inauguración do seu Casal social onde se deu cita toda a colectividade galega, privando en todo o decorrer do aito un afervorado clima de galegitude, ó dárense lectura as numerosas adhesións recibidas das entidades irmáns: Centro Galego, Agrupacións "Galicia", "Celta", "Unión Gallega" e "A Terra"; dos Centros Ourenán, Lucense, Coruñés, Betanzos, Corcubión e Irmandade Galega e moitas outras entidades máis como asimismo, o alento a seguir adiante, pol-os vieiros da patria, de personalidades galegas da Terra, todas elas, redaitadas no noso idioma galego i en plea identificación cos problemas de recuperación nacional do noso povo, a Xunta Executiva da Federación de Sociedades Galegas, fídel a súa liña antigalega, deu a nota discordante enviando a súa adhesión ó patriótico aito en castelán aqué, tanto pol-o idioma como pol-o espírito que campaba na mesma, ponse de manifesto unha vegada máis, a condición de desleigados e nemigos da liberdade do povo galego dos homes que gobernan a Federación.



Uns Probes Homiños

O PARESCER, as andanzas amorosas de Dominguí, o famoso toureiro hespañol, tocan ó seu fin.

O coitado, desque vouu de Madri a Las Vegas pra se casar civilmente coa atriz italiana Lucía Bosé, caeu en desgracia.

A prensa franquista dirixida, recibeu a orde de silenzar o seu nome, un dos toureiros hespañóis de máis salero e que máis lolés! arricou dos apaixonados peitos hispanos nos ruedos taurinos...

Agora o telégrafo anuncia, que a feliz parella que tivo a peregrina ocurrencia de se casaren sen antes pasar polo confesionario, asistiu a Feira de Primavera de Sevilla e de Dominguí, ¡nin chío! Sí, a censura clerical púxolle o espeto á película "Morte dun ciclista", na cal toma parte a flamante muller de Dominguí...

¡Vaia por Deus! Xa nin os toureiros, "grasia y salero der suelo español" poden viviren tranquilos, na Hespaña de Paco.

DON BRAULIO, este pintoresco escriba falanxista, anda a "animar" ós dirixentes da coledividade hespañola a "que fagan algo", "que se movan", e pra elo, non repara en verbas máis ou menos expresivas ós dirixentes da "Patriótica Española" e o "Club Español", chamándolles "patriarcas" con canas en situación de retiro e outras miudezas polo estilo.

E que Don Braulio afor de pavelo e inocente. Porque, meus amiguínos, pretender que os hespañóis fagan algo, tenche a súa navalla...

Os hespañóis, Don Braulio, non traballan, falan. Falan de touros e de Manolas, sacan peito e hínchasselas o papo, falando das glorias de Lepanto e do virreinato de Nápoles, de Flandes e das colonias d'América, "cuando en España no se podía el sol", e os coitados, no entanto, se non decatan que parolando e parolando—tempo ó tempo—o sol váiselle pór no Paseo da Castellana...

EVIDENTEMENTE Don Braulio non está no allo da cousa por canto ele, ó parecer, ñora que a grandeza pretérita das entidades hespañolas débenlla ós galegos, até que estes deron co seu camiño. E senón vede: O esmorecemento das institucións hespañolas corre parello co engrandecimento do Centro Galego e demais institucións da nosa coledividade.

Nembargantes, como todo ten arranxo neste pícaro mundo, damolle o remedio, o único que pode salvarlos: porse en tratativas con algún grupiño de galegos que andan por Corea—agora coidamos que navegan a todo trapo por Formosa, que pra o caso ven a selo mesmo—e chantalos en equipo nas institucións hespañolas e, dende logo, teña a seguridade Don Braulio, que iso camiña a todo vapor...

Qué hai perigo? Xa o sabemos, que novidade. Pro hai que arriscarse, ¡qué carafio! Porque ben ollado, o mesmo poden remolcalos a Corea que, —galegos o fin— converter as veneráveis institucións hespañolas en centros arredistas... e algo se saería gañando...

XENIO E FIGURA até o burato... Un telegrama de Madri, danos conta que o poeta Nicolás Osuna disertou na cadea provincial de Córdoba encol de "Poesía y técnica del Cante Jondo", sendo esta a primeira dunha xeira de conferencias adicadas ós presos...

E o coimo dos colmos. Porque isto d'irille a falar ós probes presos de poesía e técnica do Cante Jondo, é algo que somentes se lles pode ocorrer ós hespañóis...

UN TELEGRAMA de Madri, dícenos que a Marina de Estados Unidos conveu en modernizar a flota de guerra hespañola segundo anunciou a embaixada norteamericán, engadindo que o acordo respectivo foi firmado o 30 d'Abril nesta capital e contempla a renovación dun "grupo inicial" de vinte navíos.

En vinte destrutores, cañoneiras, corbetas e dragáminas instalaráanse armas novas, radar e control de fogo.

¿Comentario?... ¡Olé! por España una grande y libre... e inda máis...

ANDA POR AI circulando un boletín da "Comisión Española de la Paz", con data da 2da. quincena de Marzal do corrente ano, i en cuías planas aparez unha "COMISION GALEGA" (vaia por Deus!) que está —o decir do boletín de martras— desenrolando unha grande aitividade.

Polo de pronto, antre as súas labours ponse de noto, a edición dun voante encol de Formosa (?) no que se pide o retiro das forzas estranxeiras que están interferindo nos asuntos chinos con grande perigo d'agravamento da tensión internacional, etc., etc., etc...

CONFESAMOS SINCEIRAMENTE que non sabemos moito de xeografía, mais ocúrrenos que Formosa há ficar moi lonxe, lonxísimo, alá pol-as quimbambas, ¡que sei eu! E naturalmente, un non pode por menos que admirar a estes virtuosos paisanos nosos que, sen dárense piste algún, como si tal cousa, un día calisqueira están en Viena, ou en Corea; onte no Tou-

As veces téfome botado a cañar en col do "por qué" hai xentes que, no aspecto político, social, económico, etc., non pensan nunca no seu propio país i entroques están decote matinando, ou facendo que matinan, en salvar, en redimir, en suerguer, ós países alleos e lonxos, ós xentes d'outros povos dos cales non coñecen máis que os nomes, nin saben rea dos problemas que teñen, nin da historia, nin das condicións do seu vivir, ni siquiera de si tales povos deselan ser tidos en conta por xentes extrañas a eles.

Hay muchos homes que non se preocupan, nin pouco nin mucho, do que pasa na súa terra, do que sucede no seu propio país, do que lle pasa ó seu povo, e botanse a facer de "redentores" con proiección longa de internacionalistas "á boa do Deus" porque pensan que así van a chegar máis axiña á concreción dos seus ideais, ou porque lles semella que eles son tan grandes e tan xeniales que a súa área de acción non se pode reducir ó campo familiar e físelles perciso abarcalo todo pra toparse n-un ambiente axeitado á súa suposta grandeza.

Esos homes que, con manifesta intención esquecen aquilo que lles sería doado facer, pra querer facer o que non se atopa ó seu alcance, pra pertender ir a máis lonxe do que lles permiten as súas escasas forzas; esos homes que se esquecen de arranxar a súa propia casa (aínda que n-ela haxa d-abondo que facer) e se meten a querer gobernar a casa allea; esos homes que, d-intento e con escesiva pntensión, pasan por enriba das fronteiras (teoricamente, craro está pra ir a meter os fucios nas cousas alleas e arranxar o que non é d-eles, deixando, coma quen di, a propia vida sin arranxar, son uns probes homiños carentes do máis elemental senso común. Laté fallos de respecto e de consideración pra os xentes, povos e países en cuíus problemas que non intervir coa súa pequenez de criterio e de capacidade.

Eu confeso que, cando vexo Lescrición a d-eses teóricos do "internacionalismo" que diutamina, propón, resolve l-aboga por tal, ou cal cousa pra redimir o mundo, a humanidade, así, en conxunto, dame noxo e, por certo, cansame un certo desasosiego porque ouso que fan com-as beatas i-os cregos que rezan pra salvar as almas dos outros sin decatar de que lles fai falle rezar polo é sua. Eu penso que é perciso facer as cousas axeitadamente e cotingo; penso que hai que escomezarse por ter en estimanza as propias cousas denantes que as alleas; penso que se percisa rematar a propia obra denantes que ir a traballar na obra allea; o individuo ten que redimirse primeiramente a sí mesmo, logo facer que se redima a súa familia, despois o seu povo, a seguido a súa nación e, derradeira-mente, ir extendendo a acción redentora até as outras nacións, até o mundo inteiro, até a humanidade toda.

Facer o contrario d-esto é tanto como querer facer unha casa escomezando polo tellado ou

querer fuxir das leis naturais. Se o individuo, con manifesto e natural egoísmo, propio do ser humano (e poríase decir propio de todos os seres que povoan a terra) fai de xeito de ser él o primeiro, de ter a súa comodidade, de buscar o melloramento da súa vida, no senso corrente do vivir, ¡por qué non han de facer o mesmo no senso de pensar i-autuar en todo aquilo que poidan ter, ou chegar a ter, de común cos demais povos e nacións?

Se pra un home de mediano senso, todo aquilo que lle pertence, ou, d-un xeito ou d-outro, forma parte do seu propio "ego" centralizando os seus afeutos (a casa, a familia, os seres máis achegados) ten prioridade sobre do alleo, do que, en certo modo, lle é extraño ¡por que non ha de ter o mesmo criterio e proceder co mesmo afan valorativo de todo o que —n-outro aspecto— constitúe o "ego" da comunidade nacional, suerguendo os valores morales propios de tal comunidade i traballando pra que ela conquira a xerarquia que o home, isoladamente, lles dona as cousas i-os seres que forman parte do seu vivir o polarizan os seus afeutos?

Se, con aquel egoísmo de que xa falei, o home se preocupa de si mesmo denantes que dos outros ¡por

"Nación ideal: unha povoación doutada d'unidade étnica que habita un chan doutado d'unidade xeográfica".

Burgess.

qu non se ha de preocupar do seu povo, da súa nación, denantes que de calquer outor povo, ou nación, alleos?

Esto é o que, loricamente, hai que facer; atender primeiro o noso e, cando nos non teñamos xa ren que facer na nosa casa, entón ir a emprestar axuda ós extraños, levarlles a nosa experiencia e decírlles o que nos imos adreprendido na nosa propia escola e coa nosa práctica adquerida. Así tamen terá máis forza a nosa acción e máis eficacia o noso razonamento, pois, pola centra, corremos o risco de que nos chamen entremetidos e nos teñan por parvos que, sin ter sabido arranxar a nosa vida, pretendemos poñer en orde a vida allea. Ademais, facendo primeiro o noso, podemos ofertarlle algo concreto o mundo e non gomentes teorías trasmitidas e verbas locas.

Xa teño dito algunha vez que o quixotismo hespañol enraizou quezabes, mais na Galiza que no resto d-Hespaña e que os galegos (d-teses galegos, non todos) son máis quixotes que os mesmos hespañóis, vale decir, máis pispistas que o Papa. Esto, pra o meu criterio, non é cousa que mereza loubor nin e fazaña da que poidamos sentirnos moi orgullosos, porque o quixotismo, en certo aspecto, é unha enfermidade, unha especie de tolén, pois xa sabemos todos que o famoso fi-

dalgo manchego non era mul corde que digamos, aínda que decia, que facía, certas cousas axetadas com bon siso, non sendo menos certo que, de paso, se metía donde non chamaban pra logo sair "manteado".

Estes galegos so mui quixotes e, con ese quixotismo, antóxaselles coa sa de bon gusto esquecer o seu ter preocupacións polo alleo. Por eso vemos que hai quen con muita ardencia quer ser redentor dos papás ou dos lapóns e non lle importa ren que os galegos sigan irreidentes, llescravizados, non lles físelles que o seu país, Galiza, sexa tratado como unha colonia nin que os galegos cramen teimando librarse da esvraivudez, económica, social e política á que se atopan submetidos.

Os nosos teóricos do internacionalismo e dos ideais mais ou menos "istas" que, como cartas d-unha baraxa, se arrastran por todas as mesas dos figóns partidistas de non mui craros principios, os nosos teóricos, digo, acentan todos os ismos, con todo o que de bon e de malo teñen, e fan d-eles un idearium cuio relativo valor lles regalan graciosamente os povos extraños sin deixar ren pra o povo galego, desherdando a Galiza. En troques, os tales, teóricos, non acentan o galeguismo nin siquiera calquer outro "ismo" que tenda a dar fe de que Galiza i-o seu povo tamen existen e tamen percisan a semente das nobres ideais, o orvallo vivificante das arelas patrióticas, a axuda dos homes idealistas, especialmente dos galegos que son os que máis obrigas teñen de mostrar arelanzas e de poñelas en execución pra facer que o seu povo sexa libre e feliz.

Topanse por ehi multos galegos que persumen de ser homes de ideais, que falan da liberdade, da xusticia, da dindade e d-outras cousas fermosas; homes que donan a impresión de que, se o intre chegase, irían a loitar polos dirietos de calquera país alleo, contra calquera imperialismo, contra calquera ditadura, contra calquera tiranía que aferrolle os extraños; pro, quixabes (e sin quixabes, alguns d-eles) non loitarían contra ningués pol-as libertades de Galiza nin se sacrificarían pola concreción de un ideal de redención galega pra facer que o noso povo chegase a conquistar o pleo goce dos seus dirietos e das súas libertades.

Até os mesmos chamados republicanos o son d-un xeito hespañoleiro e panorámico, en xeral, sin selo em galego, como corresponde. Non manteñen solidariedade cos seus irmáns galegos como non seia coa condición de que os verdadeiros galegos, os que pensan por e pra Galiza, se fagan tamen barulleiros profetas da redención dos papás e dos lapóns, por eixemplo.

A todos eses galegos facedores do ben pra os alleos e desprecupados do ben pra Galiza habería que facerlles entender a simple vulgaridades de que empeza na propia casa a caridades ben entendida, habería que facerlles entender que é unha vergoña ese compra de servillismo que demostran i habería que demostrarlles que, co esquecemento que decote teñen pra Galiza e con ese fan de preocuparse do benestar dos alleos, soño consiguen poñer en evidencia que non pasan de ser unos probes homiños, cousa que acrecitan a cotío por non ter siquera o xeneroso entusiasmo pra facerlle un ben a súa terra.

Avelino Díaz.

Encol Dunha Embaixada Galega a Bos Aires

(Ven da pax. 1a.)

auga de borrallas, o que nos dá a medida da nosa responsabilidade e do noso vixiante e permanentemente espírito de loita fronte as agachadas maniobras de Falanxe.

A todo isto, confesamos que moito nos doería que a devandita noticia ceibada polo xornal coruñés fose certa.

Nos doería, repetimos, ó comprobar que os cadáveres dos Riscos, que nós coidábamos ben mortos, inda terían azos pra treicionaren unha vegada máis a Galiza, o seu povo e os seus mártires.

A CONFERENCIA DE BANDUNG

(Ven da pax. 1a.)

de Europa, Galiza, Euzcadi, Cataluña, Provenza, Bretaña, Gales, Escocia e demais nacións asoballadas de Europa, deben adreprender ben nidiamente que a súa voz soio será escoitada e os seus dirietos respetados, na medida que sepan xunguir os seus esforzos no ideal común de liberdade nacional.

"Unha nación é unha alma, un principio espritoal... tér glorias comúns no pasado, unha vontade común no presente, haber feito xuntos grandes cousas, estar en disposición de voltar a facelas: Veleiquei a condición esencial para ser unha nación".

RENAN.

kín e hoxe en Formosa, pondo panos quentes a toda a humanidade doente...

Felicítamos afervoadamente a estes virtuosos paisanos nosos—caso de que haxa algún antre eles— pola súa laboura altamente humanitaria e de paso preguntámolle:

E de Galiza, qué? Ou é que está de contramán? Tropas d'ocupación? Galiza está ocupada por tropas estranxeiras dende o ano 1483.

LORENZO FRAGOSO.

UNIFORMISMO E PARTICULARISMO

Neste mes, cumprese un ano que faleceu nesta cidade, Vicente Barros, vello loitador e patriota galego, mestre de xuventudes nacionalistas que nos deixou en herdo, unha conduta exemplar de galego e patriota. Como homaxe e lembranza ó amigo e mestre desaparecido, transcribimos un extenso artigo das páxinas de "A Fouce" a voz valente e devanceira dos nacionalistas d'América i en curvas planas deixou a súa indelebel impronta a apaixonada e orientadora pruma de Vicente Barros

Ao nazionalismo fáiselle unha obxección, que os espíritos simples, pouco dados ao examen, aceptan como incontrovertible.

Dícese que os nazionalismos obstaculizan a marcha da humanidade encol da unidade que lle impón a continuidade d'un proceso histórico que a leva a esa finalidade.

O progreso da técnica, a expansión da civilización e da cultura, son os vieiros, pol-os que a humanidade, marcha en procura d'esa finalidade que a historia corrobora.

E nós, os nazionalistas, non negamos este feito e menos aínda, facemos oposición a ese proceso unificador.

Pol-a contra, é o nazionalismo o vieiro polo cal a humanidade abranguerá a perfecta unidade.

O que sucede, é que os que fan esas obxeccións ao nazionalismo, teñen o entendemento atrofiado polo hábito de non facer uso d'el e confunden unidade con uniformismo, non se decatan que a diversidade é condición da natureza e non perciben a lei que rixe e fai das formas diverxentes, unha unidade perfecta: a armonía.

A unidade non é uniformismo, na obra de arte, a unidade abránguese pol-a armónica combinación de cores, de líneas e sonidos.

A diversidade, os particularismos que diferencian, distinguen e caracterizan aos povos ou as nacións, non se opoñen a unidade humana pol-a contra, eses particularismos, son os matices que compoñen a unidade humana, pra que desenrolen as súas aptitudes de armonización e cheguen así, a facer posíbel a feliz culminación d'un proceso histórico, que de non acadar a unidade, asolagará aos povos na barbarie.

Pretender suprimir os particularismos ou pra ser máis comprensible, os nazionalismos, sería para o abrangueamento do proceso unificador que se está desenrolando oxe, con máis intensidade que nunca, como si o pintor ou o músico fundisen todos os cores e todos os sonidos, nun só cor e nun só sonido.

Sabemos que hai cor, porque non é uniforme, sinón vario e diferenciado, percibimos o sonido, porque igual que a cor é vario e infinito nas súas combinacións.

Ningún como os nazionalistas, enxergue, de xeito máis doado, a verdade do proceso unificador que se está desenrolando.

Pero pra nós, a humanidade non é unha cousa informe, monstruosa, monótona, sinón a suprema realización de arte, na qual o home veni labourando, dende o momento que deixou de ser un simple animal, dende que adquiriu a conciencia do propio ser.

A humanidade, é unha sinfonía divina que o home vai perfeccionando, as diferenzas, os particularismos, as caracterís-

cas nazionales, son os sons d'esta grande sinfonía que ten de realizarse, non destruíndo sinón armonizando.

Cada povo que renuncia a ser él mismo, cada povo que se desnazonaliza, é un matiz, é un son que perde a divina sinfonía humana.

Conservar as características nazionales, loitar contra o imperialismo e a estupidez uniformadora, é labourar pol-a grandeza e beleza do conxunto, non se realiza obra arquitectónica, amoreando pedra sobre pedra, sinón armonizando líneas e equilibrando pesos e volumens. A unidade humana, tampouco se realiza suprimindo nacións, facendo dos povos unha morea informe, sinón donándolle o equilibrio que só poden atopar no exercicio da liberdade.

O renunciamiento voluntario ou imposto, das nacións a seren elas mesmas, é un grave dano para o equilibrio universal, e de ningún xeito, resulta doado para a nación que se desnazonaliza.

O caso de Galiza, e d'abondo demostrativo dos males que a desnazonalización produce.

Mentras Galiza viviu d'acordo a súa natureza, os galegos aportaron ao acerbo común do humano progreso, a súa parte, inercioso, deron a Europa, o exemplo formidabile da rebelión irmandiña, que coloca aos campesinos galegos, no honroso lugar de precursores da emancipación dos servos.

O galego dos tempos anteriores a domeazón castelán, era un home que gozaba de prestixio e era respetado en toda Europa, aínda ningún podía dicir d'él, que só arrieiro podía ser, como dimpóis dixo Cervantes, ou que galego e mozo de corda, eran sinónimos, como chegará a definirmos os nosos irmáns portugueses.

Galiza, mentras foi ela, pudo ser modelo respetado e acatado por povos e persoas, a súa fala era entón a máis culta da península e n'ela escribíron os precursores da cultura castelán.

Pero dende o momento que Galiza comenza a someterse a Castela, as xentes galegas van perdendo as calidades que os facían dinos e respetados, sin adequirir, porque elo era, e sigue sendo incompatible coa súa natureza, as calidades que eran propias do povo conquistador.

Pol-o conseguinte as despectivas verbas de Cervantes e outros grandes homes do século de ouro da literatura castelán, e a magoante definición de galego, que en Portugal chegou a ser sinónimo de persoa ordinaria e torpe, ten de ser contemporánea d'acordo a realidade galega no momento en que taes cousas se decían.

E a realidade galega d'aquel tempo, da fé, de que Cervantes, poderá ser calificado de enemigo de Galiza, pero non de inexacto.

VICENTE BARROS.

Xurdia Eispresión Galega nos Aitos do Centro Pontevedrés

Con fonda lección desexamos destacar o extraordinario éxito acadado pol-os aitos programados polo Centro Pontevedrés co gallo da inauguración do seu casal, que contaron coa adhesión entusiasta de toda a colectividade, nunha mostra definitiva da súa identificación cos problemas do noso rexurdir nacional.

A outra calidade dos aitos realizados honra e prestixia ao Centro Pontevedrés, que de xeito tan craro soupo interpretar a función que compoñen as entidades galegas no avencellamento de todos os galegos encol dos problemas que abranguen ao noso povo. A selección dos temas das conferencias pronunciadas, o desenrolo dos aitos, o senso de responsabilidade e bo gusto en todos os pormenores, todo d'índicamento da fondura de sentimento galego que anima ao Centro Pontevedrés.

Moitos son os aspectos que desexariamos destacar en esas xornadas, pero por sobor de todo primaron dous: o crime de cstraordinaria cordialidade, de fonda amizade para todos os galegos que esos días acudiron ao casal do Centro Pontevedrés, e o selo enxebre de galeguidade que retumaron todos os aitos. Fora de contadas escepcións, todos os oradores, tanto os conferenciantes como os anfitrións nas súas presentacións, falaban en galego, pero aínda as poucas veces que o fixeron en castelán, eispresáronse sempre e sin escepcións en función de homes galegos, co pensamento co corazón na Terra e á emoción nos beizos por ve- realizada unha tarefa que enaltece o nome de Galicia.

Fondamente emotivo foi o homenaxe rendido ao Centro Ourenseño, entidade coa que os pontevedreses teñen percorrido una amlalada traectoria en plea identificación. E fondamente significativos foron todos os

discursos pronunciados con ese gallo: os das xentes pontevedresas pol-o mensaxe de gratitude e camaradaxe; os dos ourensáns pol-a lección de ver a entidade irmán celebrar un acontecemento tan importante, que sentían como seu.

Toda a colectividade galega dense cita no Centro Pontevedrés a noite do banquete conmemorativo e todas as principais entidades achábanse presentes con nutridas representacións.

Mostra sinificativa do espírito que primou n-este grande aito constituírona as adhesións lidas, coase que todas en idioma galego e refreixando unha plea identificación coas angueiras do noso rexurdir nacional, entre elas as do Centro Galego, Agrupacións Celta, Galicia e A Terra, Centros Ourenseño, Coruñaés, Lucense, Corubián e Betanzos, Irmandade Galega, e moitas outras. Os discursos pronunciados en esa ocasión foron unha evidente mostra da fondura con que a colectividade sente as angueiras galeguistas, e entre eles queremos citar eispresamente o de Cándido Rey e o do irmán Alonso Ríos. Cándido Rey é un dos homes que simboliza o progreso aca-

dado polo Centro Pontevedrés; o seu nome está xunguido a historia do centro dende os primeiros intres e a ele dedicou sempre as súas preocupacións porque sabe, como outros moitos pontevedreses, que esa é unha das mellores maneiras de honrar a Galiza. Esa noite Cándido Rey falou con unha emoción que por si sola era unha cantiga despranza, un alicerne na noite que lle ten de dar a Galicia o posto que merece no concepto dos povos do mundo, e por eso fixo vibrar como ningún os corazóns de todos os presentes.

Igualmente emocionado foi o discurso do Segretario do Consello de Galicia, que fechou o aito con verbas cheas de fervor patriótico, que recollían o crime de irmandade que caracterizou este aito e que chom unha resonancia garmosa en todos os galegos presentes.

As moitas felicitacións recibidas polo Centro Pontevedrés desexamos engadir a nosa eispresión de simpatía polo éxito acadado en estas xentadas, que refreixaron unha íntima identificación cos ideais dunha Patria ceibe e a xurdia evolución das nosas xentes a prol dos seus problemas nazionales.

A Colectividade Homenaxeou con un Banquete a Don Xavier Vazquez Iglesias

Nos salóns Les Ambassadeurs, levouse a cabo o día 6 do corrente mes o gran homenaxe con que as Agrupacións Celta, Galicia e A Terra, agasallaron ó presidente sainte do Centro Galego, Sr. Xaxier Vázquez Iglesias, pol-a súa eisitosa e patriótica xestión ó frente da nosa máisima institución colectiva.

Consistiu o homenaxe, nunha cea servida a máis de mil dous centos comensales, e na que se fixo entrega dun pergameo en testemuño da simpatía da colectividade que tivo no Sr. Vázquez Iglesias un fidel intérprete dos sentimentos da cáeseque totalidade dos seus compoñentes.

Pra se referir a persoaalidade do agasallado fixeron uso da verba, os presidentes das tres agrupacións orgaizadoras, señores Alfonso Reboreda, Ricardo Badía e Antón Núñez Fernández, quenés abondaron en axetados conceptos sobor da mañífica labor cumprida polo Centro Galego, baixo a presidencia de Vázquez Iglesias, sendo todos eles longamente aplaudidos.

Falou tamén o escritor Eduardo Blanco Amor, que soupo espartar o entusiasmo da concurrencia coa súa verba galana e frofida, pra se referir a importancia que ten pra colectividade, o feito de que os homes de empresa, se acheguen a ela co ánimo de sumar a súa aportación os patrióticos fins que se degoíran.

Aseguido respostou ás eispresións vertidas o Sr. Vázquez Iglesias, quen, visiblemente emocionado, agradeceu as mostradas de simpatía con que a súa acción colectiva foi recibida polos seus paisanos, logo de habelo honrado coa súa máisima representación.

No meio dun xeneral entusiasmo deuse remate a iste merecido homenaxe, que constituiu un dos que acadaron máis volume e importancia dos orgaizados por coterráneos nosos, nos derradeiros anos.

Asamblea da Irmandade Galega

O día 22 de abril derradeiro tivo lugar a Asamblea anual da Irmandade Galega, para considerar a laboura realizada perante o ano 1954 i elexir as novas autoridades que han de enroitar a acción galeguista perante o presente ano.

Baixo a presidencia do irmán Antón Gómez desenrolouse esa animada e concurredida xuntanza, que analizou detidamente os distintos aspectos da laboura galeguista desenrolada no seo da nosa colectividade, e contribuíu en xeito moi sinificativo a deseñar o camiño a seguir pol-a Irmandade Galega no futuro próximo.

Aprobadas a Memoria e Balance por unanimidade, foi motivo dun detido estudo a laboura desenrolada e a desenrolar pol-o periódico "A NOSA TERRA" con respecto a colectividade a ao movemento galeguista. Un animado debate, no que tomaron parte moitos dos irmandiños presentes, permitiu analizar os distintos aspectos da laboura cumprida e os seus oxetivos inmediatos, destacándose en xeito especial o empeño posto polo noso periódico para pór ao descuberto as accións das forzas que pretenden mediatizar a laboura das entidades galegas apro-

dos problemas da Patria e dos oxetivos nazionales do noso povo.

Aprobada a laboura cumprida por "A NOSA TERRA", a Asamblea resolveu eispresar a súa simpatía ao poeta argentino Francisco Luis Bernardes pol-a súa destacada situación en defendimento do idioma galego, através dos artigos publicados na revista "Criterio", que deran no seu tempo orixe a una polémica que dou un grande espallamento a este aspecto esencial da nosa loita en defensa dos principios nazionales de Galicia e permiten escrarecer o problema político da nosa patria a méltas xentes que non viven de perto as angueiras galeguistas.

En derradeiro termo a Asamblea proceden a elexir as novas autoridades da Irmandade para o decorrer d-este ano, as que foron desíñadas por aclamación de todos os irmandiños presentes. Queremos destacar a recepción garmosa que a Asamblea brindou as novas autoridades, que reincorporan a vida activa da Irmandade Galega a moitos galeguistas de longa e destacada traectoria na loita pol-as reivindicacións da nosa Terra, que han de contar na súa xestión co-a colaboración entusiasta de todos os irmandiños.

As Novas Autoridades da Irmandade XUNTA DIRETIVA

Presidente: Miguel García Anceráns; Vice-Presidente, Domingo Maza; Segretario, Avelino Díaz; Pro-Segretario, Manuel Pedreira; Segretario de Aitas, Bieito Cupeiro; Tesoureiro, Xosé Lema Novo; Pro-Tesoureiro, Rodolfo Prada; Vocaes Titulares: Fuco Cupeiro, Mousés Da Presa, Francisco Rodríguez. Vocaes Suplentes: Fiz Fernández, Manoel Ucha, Valeriano Saco.

CONSELLO OURENTADOR
Antón Alonso Ríos, Elpidio Villaverde, Xosé Rodríguez, Lois Guede, Antón Rodríguez, Ricardo Flores, Xosé B. Iglesias, Perfecto López, Xosé Rivadulla, Ramón Valenzuela, Manoel Puente, Ramón Rey Baltar, Antón Suárez Do Pazo, Liño Pérez, Alexandro Pulpelro, Xosé Abrajá, Xosé Alfonso, Manoel San Luis, Miguel Alvarez, Antón Núñez.

REVISORES DE CONTAS
Federico Zamora, Fernando Iglesias e Antón Gómez.

Núñez Hnos.

FABRICA DE BOTONS — MERCERIA

ALSINA 1214

T. E. 38-1592

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

- 1. Galiza, unidade cultural.
- 2. Galiza, povo autónomo.
- 3. Galiza, comunidade cooperativa.
- 4. Galiza, célula de universalidade.

A NOSA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

Déspotas insensatos,
forzá, forzado grillos
Pode oprimir o ferro
Un corpo enfragado;
Mais as nobres ideas
E gloriosas instintos...
Eses... non pode non, o durc
ferro,
Nin a morte extingulloa.
EDUARDO PONDAL

Año XXXIX — Núm. 494

Bós Aires, Maio de 1955

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

FIESTRA â TERRA

COUSAS VEREDAS

Por conduto que nos merece enteiro creto, estamos informados do cambio que se armou na España franquista, por mor do intneto dos deditos do "Tio Sam", de remunerar con 5 dólares de xornal diario — equivalentes a unhas 200 pesetas, que consideren indispensabels pra poder vivir decentemente no paradiso franquista — ós obreiros que traballan nas bases conque encetan os norteamericanos o seu colonialismo peninsular.

¡Cómo! — berraron desforados os xerifales falanxistas — ¡Istes norteamericanos están tolos! ¡Pretenden que un obreiro gane máis que un estraperlista! Iso está ben en Nordeamérica, que é unha "democracia decadente", pero non en España que unha "democracia orgánica".

Despois dalgunhas tratativas e amaños nas que interviñeron até alxais Ministros da Irexia, acordouse que os devanditos obreiros, ganarian 50 pesetas de xornal diario; que aínda en comparanza cos xornales correntes que se pagan nas demais actividades, supoñen un verdadeiro privilexio; o que fixo esclamar os mencionados eregos: "Bienaventurados los que trabajan en las bases norteamericanas".

Con qué desprecio ollarán ós seus lacaios españois os "boys" de Mister Ike.

FARIÑA DO DEMO...

Fai poucos días, chegou a Galiza unha "remesa" de emigrantes da Isla de Cuba, que tornan á Terra baixo o patrocinio da chamada "Romería Española", cuxo orixen e verdadeiras finalidades, analizamos no derradeiro número de A NOSA TERRA, onde demostrábase con datos suministrados polas propias autoridades de emigración do Goberno Español, que é con fondos acumulados polos mesmos emigrantes conque se paga agora a súa repatriación, e non produto da xenerosidade do "Caudillo" como se quer faguer creer, e na que non creñ nin os mesmos beneficiados; xa que a xusgar polas súas propias declaracións, ó principio ningún quería solicitar o correspondente pasaxe; até que o se ir entendendo mellor do que se trataba, foron entrando en confianza.

Por algo di un refrán galego: "Fariña do demo todo se volve salvado".

FRANQUISMO E TUBERCULOSIS

De novo vense falando nalgunhas cidades galegas, da necesidade de proceder a unha periódica revisión, da poboación escolar, co gallo de comprobar o seu estado sanitario.

En tal senso di un xornal galego, "Bótase de menos a existencia nas nosas escolas da "ficha escolar", que serve de control sanitario sobre dos alumnos, e busque as súas características orgánicas e psíquicas, susceptibles de corrección e tratamento axeitado. Igualmente este servizo — engade o xornal devandito — debe estenderse ó control i-observación dos locais destinados a escolas, i-ás condicións de hixiene existentes nos mesmos, tantas veces en pésimas condicións.

Ista noticia fai nos lembrar o triste drama que sofre a nosa nenés, particularmente a das crás máis modestas da nosa poboación, posto de recibe cada vez que se procedeu a súa revisión sanitaria, acusando sempre un outro porcentaxe de tuberculosis; orixinada pola falta dunha axeitada nutrición.

O noso povo que sempre viveu nunha relativa abundancia, vése agora privado do máis esencial, polo reparto que con ele fan da fame endémica que sempre padeceron os povos do centro e sur da península, valéndose do instrumento do Estado asoballador, que non se lembrara de nós cando se trata de repartir algún beneficio, pero tocante as miserias e calamidades nas que e tan pródigo, nos os galegos somos os primeiros que participamos no reparto.

PROMETE MEU FRADE

De volta do seu viaxe ás Américas, a onde se trasladou co gallo da toma de posesión do Presidente de Cuba, desembarcou no porto cruñés o Ministro de Obras Públicas do Goberno Español, conde de Vellellano; a onde acudiron a darlle a benvida, toda a reaccionaria e ferruxenta parvada de "mandamiais" que na nosa Terra representan o Estado asoballador da "España Imperial".

Após dos saúdos e recepcións de práctica en istos casos, foi agasalhado o "ilustrísimo" visitante, pola Corporación Municipal Crañesa, onde en resposta ás verbas de sautación do alcalde da cidade, a quen o povo chama irónicamente "Alcalde Proleitos", o Sr. Ministro non atopou verbas máis axeitadas "pra quedar ben", que prometer que as obras do ferrocarril Zamora-Coruña, serían realizadas na súa totalidade, as que presuntamente han ser tamen estranadas, na súa totalidade. Despois de tan categóricas e craras manifestacións do Ministro de Obras Públicas, os mandamios presentes, serían convencidos de que está por se alcanzar unha vella aspiración do noso país; pero o povo galego, afeito dende fai longos anos a escoitar as mesmas promesas, dirá pro seu chaleque "a outro can con ese oso".

ROSALIA TIÑA RAZON

Con iste título, o xornal "El Ideal Gallego", fala da necesidade de orgaizar sindicalmente, o enrole de segadores galegos que van á seitura as terras de Castela; onde aínda nistes tempos de adiamento social, son suxeito de inhumán explotación por parte dos mesmos triqueiros, que logo vendenlle o grao a Galicia, a preciosos duros, e que lle impiden ademais, "en nombre del interés nacional", a importación do maizno tan necesario pro axeitado arriqueamento da nosa riqueza gandeira.

¡Si que tiña razón Rosalia!

Galicia ti non deberas chamarte nunca española que España de ti se olvide ti vives no mundo sola.

A. Bermudez y Cía. S. R. L.

IMPORTACION DE
Tecidos — Encaixes — Etaminas — Puntillas

SALTA 273-75

T. E. 37-5848

Horizonte Galego

Pra chegar a comprender ben os problemas dun povo, é mester ubicalo correitamente na súa actual posición histórica e na súa actual posición política universal. O home, desenrollados os seus primeiros adiantos de cultura, convive socialmente integrando un conglomerado humano, fador dinámico que afina o seu desenrolo histórico, ao través de distintas terras até que fixa máis o menos definitivamente a organización do seu sustento en determinado chan. Iste segundo elemento é o país ou fador estático. Derradeiramente entre a face emotiva ou sentimental do povo e o país, creáanse azos de vencellamento que consustancian a un

por FIZ FERNANDEZ

co outro chegando á idea do que chamamos patria. Mais a patria, non se limita á consustanciación espiritual do home ca terra, ou máis ben do povo co país, senon que abrangue cando elo leva en si unha marca de personalidade diferenciada na súa orgaización social e cultural, un conceito máis complexo, que é o da nación. E derradeiramente, a nación orgaízase politicamente d'acordo a un xeito que vense trocando dende séculos a través do feudalismo, a burguesía e os novos sistemas de iguadade social. Entendida así someramente a ubicación do home na súa traieitoria históri-

ca, vemos que como ser racional, pertence a un povo asentado nun país, vencellado como tal con sentimentos afeitosos ca idea de patria a un núcleo social e cultural chamado nación, e no cal a administración da súa riqueza é feita d'acordo a un sistema político que é o Estado. Todo elo como síntesis final histórica que nos proieita no concerto universal en certa situación de mellor ou peor prestixio, de maior ou menor predomiño, e de maior ou menor posibilidade de seguir adiante en franco progreso ou retroceso colectivo.

Ollemos agora a situación de Galicia. Como orgaización política pertence a un Estado alleo, establecido por xente allea, e lóxicamente con sentimentos vencellados ao seu país. Iste Estado, ten sometida a nación galega desde 400 anos a un réxime de sometemento cultural que estilizou o formento nacional. Fica pois reducida Galicia hoxe nas súas posibilidades de proieición histórica como semente de creación e progreso cultural propio por culpa da súa actual orgaización política. Fícalle en troques algo que aínda vale moito porque aínda n-él o sentimento de patria se sinte a o traveso das súas inquedanzas. E namentras a patria bule no peito dos homes como sentimento emozual, as raíces da nacionalidade n-útrese ca savia fecunda da vontade de ser. Por iso cremos sinceramente que Galicia renascera pola esencia indestruíbel do seu povo, mais pra elo terá de tronzar as cadeas que o teñen asoballado e que son esencialmente de índole político-administrativo. Te mos todo d-abondo. Un país feiteiro. Un povo maravilloso na súa capacidade de resistencia a os contrastes político-administrativos, e nas súas mágnificas posibilidades agromadas en distintas épocas históricas en forma realmente universales pola súa trascendencia. Só nos resta pois, reconquistar unha autonomía independizándonos de tuterías estatales alleas ou por mellor decir, ás veces contrarias a os nosos intreses. E así a nación galega do porvir, soia ou vencellada por lazos de comenencia mútua cas demais nacionalidades ibéricas, -incruso Portugal lóxicamente, pda se sentir no concerto universal ca millor posibilidade de seguir adiante en franco progreso social, cultural e político.

A corrente da vida pode canalizarse, mais non atallala con unha tosta. As nazóns da Iberia son un feito que s'opón sempre o uniformismo castelán. Isto é natural e xusto. Mais elas non s'opoñen a un Estado Hespáñol que non as descoñeza, que non as negue, senón que se base nelas.

Cando a Pátria Galega, a Pátria Vasca, a Pátria Catalana, vexan no Estado Hespáñol un amparo, unha axuda, unha seguridade e non o seu mortal nemigo daquela teremos unión hespañola real e verdadeira, unión hespañola natural e lóxica; mais namentras así non sexa, o Estado Hespáñol non pasará de sere unha "camisa de forza".

ANTON ALONSO RIOS

Encol da Cátedra de Idioma Galego na Universidade de Madrid

Nun dos recentes consellos de ministros do goberno franquista, foi acordada a creación dunha cátedra de Lingoa e Literatura Galegas na Universidade de Madrid. E isto que pra algúns non enterados sona a privilexio concedido graciosamente a cultura galega pol-o franquismo, é a resultante do espréndido renacer da nosa cultura que se abre camiño vigorosamente na Terra, vencendo dificultades e prohibicións oficiais e, a valiosa aportación das colonias galegas d'América que dende a guerra civil hespañola acá, defraudadas as súas máis caras ilusións patrióticas de recuperación nacional da Pátria Galega acaron dun goberno autónomo, encetaron un vigoroso e rexo movemento galeguista e republicán en oposición e repudio ó actual réxime hespañol que, polo seu volume de masas e poder económico, supón actualmente, a única gran forza opositora e de adiante orgaizada con que conta o franquismo no eisterior.

E' por elo, que esta "concesión" ó noso idioma e cultura, responde a este patriótico movemento galego que, na derradeira xuntanza de UNESCO realizada en Montevideo, elevou a ese orgaismo internacional a súa baril protesta pol-a persecución de que é suxeito o noso idioma pol-as autoridades franquistas. Porque como ben apunta un comentarista madrileño, "esta noticia intrerará e compracerá moito os galegos residentes n'Arxentina, tan aditos a eisaltar os valores espirituais do seu chan nativo"... (?)

Nembargantes, as cousas están como estaban. Porque é absurdo e ridículo pretender que o establecemento dunha cátedra de Idioma e Literatura na Universidade de Ma-

drí, xa resoven o problema. E decimos isto, por canto o problema do idioma galego, ten de resolverse necesariamente en Galiza, dentro do territorio galego que é onde se orixina, i é por elo, que non se nos alcanza que pito ten que tocar neste asunto "a vila do oso e o Madroño".

Nembargantes, como Hespaña é o solar do sublime ridículo — do clásico "sostenella e non emendalla", castelán — a súa tozuda e torpe negatividade non xa á imprantación do galego como idioma base da ensinanza primaria, como ben aconsella a pedagogía moderna, sinón que se chega ó insulto e o bochorno de negarlle ese derelto a Compostela e a súa Universidade. E nisto, repítese o insulto e humillación do voto en cortes: Zamora representando a Galiza; Madrid representando ó Idioma e cultura galegos...

Pro Hespaña e así, "consecuente cos seus erros" como ben dixo o gran aragonés Joaquín Costa, e non coidamos que teña remedio. Pouco ou nada l-ensinou a perda do seu inmenso imperio colonial. A derradeira colonia, Cuba, prefereu perdela facendo unha ridícula e desastrosa guerra con Norteamérica, a outorgárelle unha simple autonomía ó heroico povo cubano.

Nuñez, Alvarez & Cía.

IMPORTACION
MERCERIA EN XERAL

MORENO 1217

T. E. 37-4658